



**ACTA**

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
PLE/2019/2	O Pleno

**DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN**

<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	22 de febreiro de 2019
<b>Duración</b>	Desde as 20:05 ata as 22:40 horas
<b>Lugar</b>	SALÓN DE PLENOS
<b>Presidida por</b>	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
<b>Secretario</b>	ELEUTERIO PENA LAMAS

**ASISTENCIA Á SESIÓN**

<b>DNI</b>	<b>Nome e Apelidos</b>	<b>Asiste</b>
35302226D	ALBA CORDEIRO MAGDALENO	NON
78732036T	ALFREDO IGLESIAS SANTOS	SÍ
77010633D	ANDRES GARCIA BASTON	SÍ
36042960M	DOLORES GALLEGO SANTOS	SÍ
52494246N	FRANCISCO SOLIÑO SOLIÑO	SÍ
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	SÍ
35300902L	JESUS MANUEL GRAÑA GRAÑA	SÍ
78734984G	JESÚS ANTONIO PEREZ GALLEGO	SÍ
35285485N	JOSE É SOTELO VILLAR	SÍ
36102469J	JOSÉ LUIS GESTIDO PORTO	SÍ
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	SÍ
78735128X	MARIA DOLORES HERMELO PIÑEIRO	SÍ



Concello de Cangas

78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
78734493L	PÍO MILLÁN BLANCO	SÍ
78735144A	RAFAEL SOLIÑO COSTAS	SÍ
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	SÍ
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁNGELA VIZOSO MARCOS	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

#### A) PARTE RESOLUTIVA

##### Aprobación das actas das sesións anteriores: 26.10.2018 e 25.01.2019

**Favorable**

**Tipo de votación:** ordinaria

A favor: 18, en contra: 0, abstencións: 2, ausentes: 0

O Pleno da Corporación de Cangas aproba a acta do 26 de outubro de 2018, co voto favorable de todos os membros presentes, agás o alcalde, que se abstén como consecuencia da súa ausencia na devandita sesión.

O Pleno da Corporación de Cangas aproba a acta do 25 de xaneiro de 2019, co voto favorable de todos os membros presentes agás D. Alfredo Iglesias Santos que se abstén como consecuencia da súa ausencia na devandita sesión.

##### Expediente 5563/2018. Revisión de oficio do contrato de xestión de servizo público do ciclo integral da auga

**Favorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 13, En contra: 0, Abstencións: 7, Ausentes: 0

Dase conta do ditame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 18.02.2019.

Así mesmo a Presidencia dá conta da Proposta de Alcaldía, do día 13.02.2019, relativa a revisión de oficio do contrato de xestión de servizo público do ciclo integral da auga, que é

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



como segue:

*"Visto que en data 24 de outubro de 2014 formalizouse o contrato de xestión de servizo público, mediante concesión administrativa, relativo ao ciclo integral da auga polo Concello de Cangas e a adxudicataria.*

*Visto que en data 12 de novembro de 2018 emitiuse Providencia de Alcaldía en relación coa posibilidade de que se tivese que iniciar un expediente de revisión de oficio, en relación con devandito acto vista a posibilidade de que existise unha contradición entre o documento formalizador do contrato de xestión do servizo público, mediante concesión administrativa, relativo ao ciclo integral da auga do Concello de Cangas, asinado en data 24 de outubro de 2014 e as determinacións consignadas na documentación que figura no proceso de licitación tal e como se informa entre outros no informe de Intervención de data 16 de xullo de 2018.*

*Visto que en data 19 de novembro de 2018, emitiuse informe de Secretaría sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir para declarar nulo o devandito o documento de formalización do contrato.*

*Visto que en data 26 de novembro de 2018 incoase procedemento de revisión de oficio mediante Decreto de Alcaldía por considerar que se atopa incurso nun suposto de nulidade do artigo recollido na letra f do 47.1) da Lei 39/2015.*

*Visto que en data 26 de novembro de 2018, comunicouse o inicio do procedemento aos interesados dando trámite de audiencia por un prazo de 10 días para que presente alegacións. O presente escrito foi notificado e recepcionado en data 26 de novembro de 2018. Posteriormente consta solicitude de ampliación de prazo de data 30 de novembro e decreto de data 5 de decembro de 2018 ampliando dito prazo por 5 días, notificado en data 7 de decembro de 2018.*

*Vistas as alegacións presentadas en data 18 de decembro de 2018 por U.T.E. GESTIÓN CANGAS.*

*Vistos os informes emitidos sobre as alegacións presentadas tanto pola asesoría externa, informe de intervención de data 6 de febreiro de 2019 e informe de Secretaría de data 13 de febreiro de 2019 propoño ó Pleno a adopción do seguinte ACORDO:*

*PRIMEIRO.- Desestimar as alegacións presentadas por 'FCC AQUALIA SA', e 'Civis Global SL', en relación co expediente de revisión de oficio do contrato formalizado en data 24 de outubro de 2014, no expediente de polos motivos recollidos nos diferentes informes emitidos polo departamento de intervención en data 6 de febreiro de 2019 e o informe de secretaria de data 13 de febreiro de 2019.*

*SEGUNDO.- Declarar a nulidade de pleno dereito do documento formalizador do contrato asinado en data 24 de outubro de 2014 entre o Concello de Cangas e a adxudicataria, polo motivo exposto no artigo 47.1. f) da lei 39/2015.*

*TERCEIRO.- Requirir á adxudicataria a que proceda, no prazo de 15 días hábiles, desde a notificación do presente acordo á formalización do contrato.*

*CUARTO.- Remitir o presente acordo achegado do expediente completo, ao Consello Consultivo de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 106 da Lei 39/2015 e o artigo 12.f) da Lei 3/2014, de 24 de marzo, do Consello Consultivo de Galicia comunicando a*



*devandita remisión aos interesados.*

*QUINTO.- Suspender o prazo máximo para resolver de conformidade co disposto no artigo 22.1.d) da Lei 39/2015, desde o pedimento de informe preceptivo e vinculante ao Consello Consultivo de Galicia ata a súa recepción".*

#### DELIBERACIÓNS:

O **Sr. Iglesias Santos**: sinala que chega catro anos tarde esta proposta porque hai moitas formas de abordar a situación da auga e a determinación de culpables tanto no goberno como na oposición. Expón que votará a favor unha vez vistos os informes municipais e externos pero recorda que o Consello Consultivo ten a derradeira palabra.

O **Sr. Millán Blanco**: expón que o que se trae é unha proposta para remitir o Consello Consultivo e sinala que non se pode falar de diverxencias entre o contrato e a oferta sen prexuízo de que poidan existir diverxencias co anteproxecto. Recorda que existen expedientes abertos por vertidos, que lle consta a existencia dunha fractura no grupo de goberno e que pende unha sentenza de máis dun millón de euros. Sinala que esa cuota fixa é de 9,81 ca nova ordenanza e sinala que o seu partido quere que polo goberno se adopte unha decisión clara sobre o servizo da auga.

O **Sr. Abalo Costa**: expón que tendo en conta a segunda sentenza da auga por importe de seiscentos mil euros como indemnización compre preguntarse en base a que datos se aprobou a ordenanza de 2014.

O **Sr. Gestido Porto**: sinala que non dubida dos informes de intervención pero dubida de que o Sr. Abalo Costa e os veciños estén a elaborar un plan de saída.

O **Sr. Iglesias Santos**: sinala que no ano 2014 o PSOE estaba representado na Corporación pero non na súa persoa.

O **Sr. Millán Blanco**: sinala que na actualidade os ingresos totais son superiores aos existentes no seu momento e expón que isto pode ser positivo pero hai que esperar o informe do Consultivo e que atendendo as anteriores accións do goberno nesta materia pódese esperar calquera cousa.

O **Sr. Abalo Costa**: expón que unha vez destapada esta irregularidade hai que seguir mirando cara adiante.

#### VOTACIÓN E ACORDO:

**A favor:** 13 (4 concelleiros/as de ACE, 4 concelleiros/as do BNG, 3 concelleiros/as de ASPUN, 1 concelleiro de Cangas Decide e 1 concelleiro do PSOE).

**Abstencións:** 7 (7 concelleiros/as do PP).

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría dos votos, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.



**Expediente 438/2019. Desafectación dos terreos de dominio público marítimo-terrestre no lugar de 'O Señal'**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Dase conta do ditame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 18.02.2019.

Así mesmo a Presidencia dá conta da Proposta de Alcaldía, do día 23.01.2019, relativa á desafectación dos terreos de dominio público en 'O Señal', que é como segue:

*"Visto o escrito de data 28 de decembro de 2018 e rexistro de entrada nº 15.038 do Servicio Provincial de Costas de Pontevedra presenta escrito no que se sinala que se está a tramitar a desafectación dos terreos de dominio público marítimo-terrestre no lugar de 'O Señal' no término municipal de Cangas, solicitando do Concello escrito onde se manifeste o coñecemento da situación xurídica de non inmatriculación dos mesmos polo Estado, a asunción da devandita circunstancia e a declaración de destino dos terreos a usos públicos de interese social.*

*Visto o informe de Secretaría de data 23 de xaneiro de 2019 proponse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:*

*PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da situación xurídica existente nos terreos de dominio público marítimo-terrestre no lugar de 'O Señal', aceptando, de producirse, a cesión destes nas circunstancias descritas no escrito arriba referenciado.*

*SEGUNDO.- Asumir o compromiso de destinar os devanditos terreos a usos públicos de interese social".*

**DELIBERACIÓNS:**

**O Sr. Gestido Porto:** expón que apoiará a proposta.

**O Sr. Iglesias Santos:** apoiará a proposta e que os terreos se entreguen con total dispoñibilidade.

**O Sr. Soliño Soliño:** sinala que no primeiro pleno da lexislatura se trouxo esta proposta e 4 anos despois se volve a traer esta proposta.

**O Alcalde:** sinala que outros estiveran 12 anos e non se fixera nada.

**O Sr. Abalo Costa:** sinala que o procedemento unicamente podía seguir coa extinción das concesións e esixe un procedemento complexo.

**O Sr. Soliño Soliño:** recorda que é unha pena que se perderan estes catro anos.

**VOTACIÓN E ACORDO:** o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.



**Expediente 916/2019. Proposta de Alcaldía dedicación de praza pública a D<sup>a</sup> Fina Acuña Graña (co-fundadora e primeira presidenta de ADICAM)**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Dáse conta do ditame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 18.02.2019.

Así mesmo a Presidencia dá conta da Proposta de Alcaldía, presentada o día 13.02.2019, relativa á dedicación da praza pública a D<sup>a</sup> Fina Acuña Graña, que é como segue:

*"PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO*

*Atendendo á capacidade que a esta Alcaldía lle outorga o artigo 12 do Regulamento Municipal de Honores e Distincións en vigor neste Concello, presento proposta de dedicación dunha praza na nosa vila á memoria de Dna. Fina Acuña Graña, co-fundadora e primeira presidenta da Asociación ADICAM.*

*A praza que se propón, a pedimento da asociación é a que se atopa diante do cemiterio municipal de Cangas.*

*Achégase memoria da asociación e da persoa que se propón para ser honrada."*

**VOTACIÓN E ACORDO:** o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

**Expediente 815/2019. Moción da concellería de servizos sociais, igualdade e sanidade para recuperación do servizo de pediatría**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Dáse conta do ditame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 18.02.2019.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción da Concellería de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade, presentada o día 08.02.2019, relativa á recuperación do servizo de pediatría, que é como segue:

*"MOCIÓN DA CONCELLARÍA DE SERVIZOS SOCIAIS, IGUALDADE E SANIDADE DO CONCELLO DE CANGAS PARA A RECUPERACIÓN DO SERVIZO DE PEDIATRÍA*

*A principios do mes de xaneiro de 2019 o Concello de Cangas tivo coñecemento por parte dos servizos sanitarios locais, non por parte da dirección do SERGAS, da inminente chegada dunha nova profesional de pediatría. Con esta incorporación, serían 4 as profesionais destinadas no noso concello, todas en horario de mañá con anterioridade o Conselleiro de Sanidade e representantes do SERGAS, prometerán que cando se incorporara esta cuarta profesional, restableceríase o servizo no centro de saúde de Aldán, que da servizo tamén a veciñanza do Hío. A realidade a día de hoxe, é que, nin se recuperou o servizo no centro de saúde de Aldán, nin hai servizo de pediatría polas tardes. Incumprindo deste xeito o prometido polos máximos responsables da sanidade a nivel galego.*



*Vista a exposición de motivos, solicitamos ao pleno da corporación os seguintes acordos:*

- 1.- Dirixirse e instar á Consellería de Sanidade e ao SERGAS a recuperar o servizo de pediatría no centro de saúde de Aldán.*
- 2.- Dirixirse e instar á Consellería de Sanidade e ao SERGAS a recuperar o servizo de pediatría en horario de tarde.*
- 3.- Remitir este acordo á Presidencia da XUNTA de Galicia e a todos os grupos parlamentarios con representación no Parlamento Galego".*

DELIBERACIÓNS:

**O Sr. Gestido Porto:** sinala que apoiará a moción e que xa levan tempo con esta demanda.

**O Sr. Sotelo Villar:** sinala que o PP apoiará a moción e expón que desde os propios servizos de pediatría lle comentaron que esa cuarta pediatra non lle interesou vir á súa queda de tarde pero entende que pode haber formas que solvete provisoriamente esta situación.

**A Sra. Giraldez Santos:** sinala que debe reconducirse o centro de Saúde de Cangas.

**O Sr. Hermelo Álvarez:** sinala que aínda que non se trata de cuestións persoais gustaríalle que voltase a profesional de Aldán.

**VOTACIÓN E ACORDO:** o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

#### **Expediente 819/2019. Moción do grupo municipal do BNG en defensa da sanidade pública**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 11, En contra: 0, Abstencións: 9, Ausentes: 0

Dáse conta do ditame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 18.02.2019.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal do BNG, presentada o día 07.02.2019, relativa á defensa da sanidade pública, que é como segue:

#### **"MOCIÓN EN DEFENSA DA SANIDADE PÚBLICA**

*O grupo municipal do BNG de Cangas, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno, en defensa da sanidade pública galega nunha situación crítica debido ás políticas nefastas do Partido Popular.*

*Un dos temas que máis alarma social está provocando na sociedade galega é o gravísimo deterioro da sanidade pública. Un deterioro que é o resultado dos graves recortes e privatizacións que o Partido Popular leva realizado desde 2009, e que están poñendo en risco a saúde e a vida das persoas. A política sanitaria de Núñez Feijóo á fronte da Xunta de Galiza ao*



*longo destes anos está poñendo contra as cordas a sanidade pública e ten un fin moi claro: converter o dereito á saúde nun negocio para grupos afíns. Favorecer que uns poucos fagan negocio a costa da enfermidade.*

*Todos os camiños da política sanitaria do PP tiveron como fin a privatización e o desmantelamento do sistema sanitario público a base de recortes continuos e de pór os recursos da sanidade pública ao servizo de intereses privados para poder facer negocio coa enfermidade das persoas. Durante os últimos nove anos, o PP, con Nuñez Feijóo á cabeza, impulsou todo tipo de medidas que afondaron neste desmantelamento: redución de orzamentos, de centos de profesionais, de máis de 700 camas, privatización masiva de servizos, derivacións de doentes a centros privados...*

*A Atención Primaria foi o ámbito da sanidade pública galega que con máis intensidade sufriu os recortes. Nos orzamentos da Xunta deste ano 2019 destínanse 188 millóns de euros menos que os que había en 2009, cun recorte acumulado de arredor de 2.188 millóns de euros. As consecuencias son tremendas: masificación de consultas, cupos desbordados, redución de profesionais, non substitucións, as listas de espera dunha semana, peche de axendas, saturacións, profesionais que ao ter que acudir a algunha urxencia teñen que deixar as súas consultas abandonadas durante horas, PACs ao límite...*

*Hai unanimidade entre sindicatos, colexios profesionais, plataformas sanitarias, organizacións profesionais, doentes... en denunciar o grave deterioro que están provocando as políticas sanitarias do Partido Popular, e en que non estamos na fase de grupos de traballo, nin de enquisas virtuais, nin de auditorías. Estamos na fase de asumir responsabilidades e rectificar os recortes e as privatizacións. Estamos nun momento crítico, onde a Xunta ten que dar explicacións e asumir as súas responsabilidades, ante uns feitos de máxima gravidade e rectificar.*

*Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte*

#### **ACORDO**

*O Pleno do Concello de Cangas insta á Xunta de Galiza a tomar as seguintes medidas nun compromiso claro de que se rectifica unha política sanitaria que está destruíndo a sanidade pública e poñendo en risco o dereito á saúde:*

*a) Aumento do orzamento destinado a Sanidade.*

*b) Dimensionamento e estabilidade dos cadros de persoal: convocatoria de todas as prazas vacantes en todas as categorías/ contratos estábeis e dignos /substitucións d@s profesionais pola totalidade da ausencia, nomeadamente a substitución do médico de tarde no centro de saúde de Cangas / creación de dúas novas prazas de enfermería para a equiparación co número de facultativos / aumento das prazas de formación de especialistas, MIR.*

*c) Eliminación listas de espera: contratando persoal e tendo operativos todos os recursos dos que dispón o Sergas, camas, quirófanos...e non realizar ningunha derivación de doentes á sanidade privada mentres existan recursos dispoñíbeis, susceptibles de ser usados nos centros públicos.*

*d) Plan de Mellora de Atención Primaria: incremento do investimento até chegar como mínimo*





*ao 20% do orzamento (no inmediato incremento de 200 millóns de euros). Recuperación das Xerencias de Atención Primaria con capacidade resolutive e orzamentaria./ Incrementar as prazas de especialistas en pediatria e medicina familiar e comunitaria/ Recuperación do servizo de pediatria no centro de saúde de Aldán e o servizo de pediatria de tarde no centro de saúde de Cangas para facilitar a conciliación familiar e laboral/ Mellorar os equipamentos nos centros de saúde e PACs / Garantir equipos completos de profesionais nos PACs.*

*e) Construción do Centro de Saúde O Hío-Aldán e dotación dun CAR para o Morrazo tal e como estaba comprometido.*

*f) Incrementar o número de ambulancias asistenciales, cun mínimo de dúas, necesario para garantir o servizo.*

*g) Reverter as privatizacións e xestión propia dos servizos sanitarios.*

*h) Eliminación dos copagos farmacéuticos".*

#### DELIBERACIÓNS:

**O Sr. Iglesias Santos:** sinala que todos os grupos políticos están a reclamar un cambio de rumbo do goberno autonómico pero considera excesivas as reclamacións recollidas na moción.

**O Sr. Abalo Costa:** sinala que apoiará a moción.

**O Sr. Hermelo Álvarez:** tamén apoiará a moción.

**O Sr. Sotelo Villar:** expón que esta moción está chea de erros que o único que persigue é confundir. Recorda que o orzamento que destina a Xunta a esta cuestión e do 40% fronte ao 33 do bipartito e que para o 2019 presenta un orzamento superior en máis de 340 millóns de euros o presentado no ano 2018. No tocante á atención primaria adoptáronse unha serie de medidas por importe de 25 millóns de euros apostando máis polo público do que o fixo o bipartito durante a súa lexislatura.

**A Sra. Rial Pardo:** sinala que as cifras presentadas polo Sr. Sotelo Villar non son as verdadeiras. Recorda que ao mellor habería máis cartos para determinadas persoas pero non para a xeneralidade dos galegos e cangueses que queren un CAR.

**O Sr. Iglesias Santos:** sinala que no tocante á política sanitaria é coñecida pero iso non significa que estea en total acordo coa moción presentada.

**O Sr. Sotelo Villar:** sinala que as cifras están contrastadas e recorda que en catro anos non fixeron nada pola sanidade en Cangas.

**A Sra. Rial Pardo:** sinala que non hai forma de entender a posición do Partido Popular.

#### VOTACIÓN E ACORDO:

**A favor:** 11 (4 concelleiros/as de ACE, 4 concelleiros/as do BNG e 3 concelleiros/as de ASPUN).



Concello de Cangas

**Abstencións:** 9 (7 concelleiros/as do PP, 1 concelleiro de Cangas Decide e 1 concelleiro do PSOE).

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría dos votos, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

### **Expediente 877/2019. Moción do grupo municipal de ACE en apoio á folga feminista do 8 de marzo de 2019**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Dáse conta do ditame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 18.02.2019.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal de ACE, presentada o día 12.02.2019, relativa ao apoio da folga feminista do 8 de marzo de 2019, que é como segue:

*"Mariano Abalo, concelleiro de Alternativa Canguesa de Esquerdas, presenta a seguinte moción para o seu debate e a súa aprobación, se procede, no Pleno do Concello de Cangas:*

*APOIO Á FOLGA FEMINISTA DO 8 DE MARZO DE 2019.*

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

*Raro é o día que no hai unha nova sobre algunha agresión, ameaza ou vulneración de dereitos cara as mulleres. Nos últimos 16 anos, 975 mulleres foron asasinadas polas súas parellas ou ex-parellas. A conclusión é clara: o machismo mata, mais os asasinatos de mulleres son a punta do iceberg, as manifestacións máis letais, pero son moitas as conductas, accións, omisións, etc. que tamén son expresións da violencia machista e reflicten que a desigualdade existente entre mulleres e homes segue presente, dende unha base estrutural: os esquemas machistas e patriarcais que inda imperan na nosa sociedade: a feminización da pobreza, a precarización das condicións laborais, os teitos de cristal, a cultura da violación ou os roles de xénero hexemónicos que limitan a capacidade de decisión das mulleres, por citar algúns exemplos, son tamén formas de violencia coas que todas convivimos.*

*Estas desigualdades maniféstanse en múltiples ámbitos e contextos, sendo nalgúns casos máis evidentes e noutros máis sutís ou invisibilizados. Por poñer algúns exemplos: no ámbito laboral son de destacar a fenda salarial entre xéneros (cunha diferenza dun 22%: mentres as mulleres sobras 15.730€ ao ano, os homes 20.243€), o teito de cristal, a precariedade, o acoso e violencia no ámbito laboral. As mulleres representan o 65% da poboación mundial que, tendo acabado as idades previstas pola lexislación para percibir unha pensión de xubilación, non a reciben. No ámbito dos coidados, a carga desproporcionada de traballo non remunerado, ausencia de reparto equitativo de responsabilidades entre mulleres e homes, estereotipos, etc.*

*Cómpre mellorar as condicións laborais das mulleres, loitar contra as discriminacións, promover a implementación efectiva de medidas de conciliación e corresponsabilidades, esixir recurso e medidas para loitar contra a violencia machista, transformar a economía para un reparto xusto do emprego, o traballo dos coidados e a riqueza, recoñecer o dereito das mulleres*

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



*a decidir sobre os seus corpos, etc. Queda moito por facer para chegar á igualdade real e efectiva entre mulleres e homes.*

*Constatando esta situación, rematar coas discriminacións e a desigualdade entre mulleres e homes non é so un deber ético, senón tamén un compromiso inaprazable ou débeda histórica coas mulleres, no que todas as institucións e axentes implicados teñen que participar activamente, asumindo un rol activo na loita contra a desigualdade e a prol da equidade.*

*O pasado 8 de marzo, Día Internacional das Mulleres, tivo lugar unha mobilización histórica contra a desigualdade de xénero e todas as súas vertentes.*

*Por primeira vez no noso país, levábase a cabo unha folga feminista (de coidados, de consumos, estudantil e laboral), co obxectivo de visibilizar que se para o traballo produtivo e reprodutivo das mulleres, para o mundo, visibilizar os problemas que padecen as mulleres e reivindicar a igualdade real.*

*Os motivos para sumarse á folga sobran, como se pode observar tanto nesta moción como revisando documentación diversa. É preciso denunciar as desigualdades, discriminacións e violencias estruturais que sofre máis da metade da poboación (as mulleres), e reivindicar un novo modelo.*

*Non podemos consentir retrocesos e ameazas expresas como os que estamos a ver nestes momentos, onde as mulleres e os seus dereitos son empregados como moeda de cambio. A dereita e a extrema dereita non comezan polas mulleres ao azar: este tema da votos, porque o machismo e a misoxinia son transversais, e o feminismo é a maior forza contra eles, xa o dicía Simone de Beauvoir en 1949 no seu libro “El segundo sexo”: “non esquezades xamais que bastará unha crise política, económica ou relixiosa para que os dereitos das mulleres volvan a ser cuestionados. Eses dereitos nunca se dan por adquiridos. Debedes permanecer vixiantes durante toda a vosa vida”.*

*A igualdade tamén debe rexer a acción política para avanzar nunha sociedade máis igualitaria e inclusiva. É unha cuestión esencial que non concirne a todas e todos.*

*Por todo o exposto anteriormente, o Pleno do Concello de Cangas*

**ACORDA:**

*Instar ao Pleno do Concello de Cangas a aprobar os seguintes acordos:*

- Apoiar activamente a Folga Feminista do vindeiro 8 de marzo, así como todos os eventos, reivindicacións e accións convocadas co mesmo obxectivo que a folga, antes e/ou despois da citada data, facilitando os medios dispoñibles dende o Concello para iso.*
- Adoptar as medidas necesarias para garantir o exercicio do dereito de folga por parte de tódalas mulleres traballadoras municipais que se sumen á reivindicación.*
- Elaborar desde o Concello unha declaración institucional o apoio á folga feminista do 8 de marzo.*
- Colocar no Concello a bandeira feminista como acto simbólico de apoio á folga e ás reivindicacións propostas”.*



DELIBERACIÓNS:

O **Sr. Iglesias Santos**: pregunta o sentido do segundo punto referente á garantía dos dereitos laborais da folga das mulleres e se existe algunha medida que o limite.

O **Sr. Abalo Costa**: sinala que non cree que exista medida algunha limitativa.

O **Sr. Iglesias Santos**: sinala que non cree que poida existir dispensa que estableza esta limitación.

A **Sra. Gallego Santos**: sinala que non son precisos os manifestos senón que por medio das actuacións diarias non debería de haber discusión de ningún tipo.

O **Sr. Hermelo Álvarez**: expón os actos que se van a facer na próxima folga feminista, entre eles a defensa dos dereitos laborais.

A **Sra. Giraldez Santos**: sinala que agradece como muller que os homes se impliquen neste tema e que existen diversas xuntanzas para a defensa do rol da muller.

O **Sr. Abalo Costa**: expón que os avances da extrema dereita pon en perigo os logros acadados.

O **Sr. Iglesias Santos**: expón que como acto de reivindicación dará o seu apoio.

VOTACIÓN E ACORDO: o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

**Expediente 934/2019. Moción do grupo municipal do PSOE esixindo planificación e resultados obtidos por concellerías servizos sociais, igualdade e benestar e desenvolvemento económico**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Dáse conta do ditame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 18.02.2019.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal PSOE, presentada o día 13.02.2019, relativa á presentación da planificación das concellerías de 'Servizos sociais, igualdade e sanidade' e de 'desenvolvemento económico e emprego local', que é como segue:

*"SR. ALCALDE – PRESIDENTE DA CORPORACIÓN CONCELLO DE CANGAS*

*MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DO CONCELLO DE CANGAS ESIXINDO A PRESENTACIÓN DA PLANIFICACIÓN DAS CONCELLERÍAS DE "SERVIZOS SOCIAIS, IGUALDADE E SANIDADE" E DE "DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL", PORMENORIZADO AO LONGO DESTES CATRO ANOS (2015-2019), TANTO A NIVEL DE OBXECTIVOS ACADADOS COMO DE CUMPRIMENTO PRESUPOSTADO*



*ALFREDO IGLESIAS SANTOS, CONCELEIRO-VOCEIRO do PARTIDO SOCIALISTA DE GALICIA – PSOE no Concello de Cangas (Pontevedra), ao abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta diante do Pleno da Corporación, esta MOCIÓN, en base á seguinte:*

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

*LEXISLATIVO.- Ao abeiro do disposto nos arts. 20.1.c); 22.2.i); 77; 90 a 104 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local (LRBRL); arts. 14, 15, 16.1a), 91.4 e 97.3 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF); art. 6º da Carta Europea de autonomía local, de 15 de outubro de 1985; 76 CE, e demais normativa que poida resultar de aplicación.*

*A) SERVICIOS SOCIAIS, IGUALDADE E SANIDADE: Tendo en conta as peculiaridades propias da poboación de Cangas, a pirámide poboacional, o tecido produtivo industrial, comercio, pesqueiro, etc., tanto a nivel das parroquias como de todo o termo municipal, que existen unha PLANIFICACIÓN que contemple, como mínimo medidas encamiñadas a garantir alternativas de vivenda a familias expulsadas e sen medios económicos; a garantir subministros básicos para evitar o fenómeno da pobreza enerxética; a procurar unha atención social individualizada a persoas ou familias en situación de vulnerabilidade; a fomentar a autonomía persoal e empoderamento das persoas maiores con foco nas súas habilidades, fortalezas e necesidades; a promover a participación destas persoas en materias relacionadas co municipio e os seus arredores, a fin de construír unha sociedade para todas as idades con base na adquisición de dereitos relativa ao benestar e calidade de vida da persoas maiores.*

*B) DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL: Catro anos despois de asumir o co-Goberno municipal, a ASAMBLEA POLA UNIDADE aínda non presentou unha PLANIFICACIÓN, tan sequera global, do seu labor gobernativo ao fronte deste departamento.*

*Por tales motivos, o GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA propón ao Pleno da Corporación Municipal de Cangas a tomar dos seguintes ACORDOS:*

*A) “SERVICIOS SOCIAIS, IGUALDADE E SANIDADE”: Instar ao responsable da CONCELEIRÍA DE SERVICIOS SOCIAIS, IGUALDADE E SANIDADE a presentar antes o Pleno da Corporación do mes de marzo de 2019, para seu debate e votación, a PLANIFICACIÓN deste Departamento Municipal, aportando estudos das necesidades dos nosos veciños distribuídos por parroquias e indicando as medidas que se teñen adoptado desde 2015 ou se estean a adoptar ata o final deste mandato municipal, PORMENORIZANDO A PLANIFICACIÓN AO LONGO DESTES CATRO ANOS (2015-2019), TANTO A NIVEL DE OBXECTIVOS ACADADOS COMO DE CUMPRIMENTO PRESUPOSTARIO.*

*B) Instar á responsable da CONCELEIRÍA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL a presentar ante o Pleno da Corporación do mes de marzo de 2019, para o seu debate e votación, a PLANIFICACIÓN deste Departamento Municipal, indicando as medidas que se teñen adoptado desde 2015 ou se estean a adoptar ata o final deste mandato municipal, PORMENORIZANDO A PLANIFICACIÓN AO LONGO DESTES CATRO ANOS /2015-2019), TANTO A NIVEL DE OBXECTIVOS ACADADOS COMO DE CUMPRIMENTO PRESUPOSTARIO”*

**VOTACIÓN E ACORDO:**



Polo tanto, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

**Expediente 1031/2019. Moción do grupo municipal do PP para licitación dun novo concurso público de adxudicación do contrato de funcionamento, mantemento e reformas necesarias para a ampliación dos vestiarios e ximnasio da piscina municipal**

**Desfavorable**

**Tipo de votación:** ordinaria

A favor: 8, En contra: 11, Abstencións: 1, Ausentes: 0

Dáse conta do ditame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 18.02.2019.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal do PP, do día 15.02.2019, relativa ao funcionamento e mantemento da piscina cuberta do Concello de Cangas, que é como segue:

*"José Enrique Sotelo Villar, como voceiro do Grupo Municipal do PP de Cangas , presenta para o seu debate e aprobación se procede polo Pleno da Corporación, a seguinte MOCIÓN:*

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

*Na Xunta de Goberno do pasado luns 11 de Febreiro do 2019 , os membros do Goberno aprobaron a prórroga por un ano máis do contrato PARA O FUNCIONAMENTO E MANTEMENTO DA PISCINA CUBERTA DO CONCELLO DE CANGAS a empresa UTE A BALEA CANGAS, contrato inicialmente firmado o pasado día 31 de Xaneiro do 2017 e que na Cláusula Segunda, di que o prezo anual con IVE (53.445 €) ascende a cantidade de 308.005,50 € e na Cláusula Terceira di que o prazo de execución do servizo é de 12 meses, dende o 1.02.2017 ata o 31 .01.2018, con opción de ser prorrogado por outros doce meses. Polo tanto a renovación efectuada está fora da legalidade.*

*A maiores existe unha sentenza do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais que anula dito concurso e obriga ao Concello a facer unha nova licitación.*

*Desde este Grupo Municipal non entendemos como a día de hoxe, dous anos despois nada se fixo e séguese pagando a citada empresa con reparo con efectos suspensivos da tramitación por parte de Intervención no que textualmente se di "Reitérase que se inclúe na relación unha factura da UTE A BALEA CANGAS por servizos de xestión da piscina. Compre lembrar que a adxudicación do contrato de xestión da piscina municipal foi anulada, polo que a día da data, e malia estar en proceso de recurso en vía xurisdiccional, cabe interpretar que o servizo carece de contrato en vigor, polo que se está infrinxindo o Real decreto lexislativo 3/2011 que regula os contratos menores que no seu artigo 23 determina que "Los contratos menores definidos en el artículo 138.3 no podrán tener una duración superior a un año ni ser objeto de prórroga".*

*Por todo elo efectuamos a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:*

*O Pleno do Concello de Cangas insta ao Goberno Municipal a licitar o antes posible un novo concurso público para a adxudicación do contrato de funcionamento, mantemento e reformas necesarias para a ampliación dos vestiarios e ximnasio da piscina cuberta do Concello de*



*Cangas".*

**DELIBERACIÓNS:**

o **Sr. Gestido Porto:** quere crer a postura do goberno.

O **Sr. Iglesias Santos:** sinala que se debe proceder a cumprir coa lei e se faga unha nova licitación.

O **Sr. Chillón Iglesias:** expón que desde o momento inicial se buscaron diversas opcións para a súa xestión pero que en todo caso o plan de axuste impide unha remunicipalización e que o rendemento económico da piscina é moi mellorable. Comenta que na actualidade supéranse os 1000 abonados e que se ben non se autofinancia cóbrense moitos gastos asumindo o custo o Concello dada a existencia dunha demanda que debe ser atendida.

O **Sr. Gestido Porto:** sinala que nos atopamos ante un problema de deixadez política e de inacción instando a adopción de medidas urxentes.

O **Sr. Iglesias Santos:** sinala que co que queda de lexislatura sería preciso que fose o novo Goberno quen asumise o compromiso.

O **Sr. Hermelo Álvarez:** sinala que a piscina ten un uso intenso que esixe un bo coidado da mesma, pero a piscina presentou deficiencias desde o seu momento inicial.

O **Sr. Abalo Costa:** sinala que por un lado a piscina presenta defectos estruturais importantes e por outro lado atopámonos ca busca dunha viabilidade a través dun estudo correcto e a mellora da xestión enerxética.

O **Sr. Millán Blanco:** sinala que entre ingresos e gastos existe un déficit de case 320 mil euros.

O **Sr. Abalo Costa:** rebate eses datos sinalando que son incorrectos.

O **Sr. Millán Blanco:** sinala que hai que ser responsable co gasto público e non se pode aceptar que un servizo teña tanto déficit e que o problema real é o modelo de explotación.

O **Sr. Chillón Iglesias:** rebate as cantidades presentadas polo Sr. Millán Blanco sinalando que o déficit actual é inferior a 35 mil euros anuais e que esas perdas deben ser asumidas e buscar unha solución para que acadar un equilibrio económico.

O **Sr. Millán Blanco:** sinala que as cantidades presentadas son correctas e que seguro que hai modelos de xestión máis eficientes.

**VOTACIÓN E ACORDO:**

**A favor:** 8 (7 concelleiros/as do PP e 1 concelleiro de Cangas Decide).

**En contra:** 11 (4 concelleiros/as de ACE, 4 concelleiros/as do BNG e 3 concelleiros/as de ASPUN).

**Abstención:** 1 (1 concelleiro do PSOE).



Polo tanto, o Pleno do Concello, por maioría dos seus membros presentes, acorda rexeitar integramente a proposta transcrita anteriormente.

**Expediente 1032/2019. Moción do grupo municipal do PP para retirada de pasos elevados en Camiño Vello de San Roque**

**Favorable**

**Tipo de votación:** ordinaria

A favor: 17, en contra: 0, Abstencións: 3, Ausentes: 0

Dáse conta do ditame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 18.02.2019.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal do PP, do día 15.02.2019, relativa á inmediata retirada dos pasos elevados do Camiño Vello de S. Roque e previa iluminación e sinalización, que é como segue:

*"José Enrique Sotelo Villar, como voceiro do Grupo Municipal do PP de Cangas , presenta para o seu debate e aprobación se procede polo Pleno da Corporación , a seguinte MOCIÓN:*

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

*O pasado día 14 de Novembro do 2018, o Grupo Municipal do PP de Cangas presentou unha Moción onde nos facíámonos eco das queixas de veciños pola localización e características de bandas limitadoras sen informes técnicos que avalaran a homologación, e sen coñecer os criterios para elixir esas ubicacións. Lonxe de retirar aqueles badéns colocáronse máis. Propoñíamnos ao Pleno da Corporación que se procedera a dar instrucións para a retirada destes redutores de velocidade e que se fixera un estudo técnico que avalara a colocación de estas ou outras medidas disuasorias, e se colocaran pasos sobreelevados in situ, coas medidas de seguridade que a Lei esixe.*

*Lembrar que no Pleno onde se debateu esta Moción, o Goberno Municipal comprometeuse á inmediata sinalización vertical e mellorar a iluminación dos mesmos. Tres meses despois nada se fixo, pero desde o noso punto de vista a situación agravouse coa colocación de 2 pasos elevados feitos in situ pero en formigón no Camiño Vello de S. Roque, que por suposto obrigan a minorar a velocidade pero despois de pasalo pois en múltiples casos as rodas sofren desperfectos que impiden continuar a marcha. Unha nova chapuza que seguramente a cabeza pensante autora desta tropelía debería patentala, suxerimos como "Lombo de burro made in Cangas". Ademais de que os vehículos tropezan cun muro por riba non están indicados. Por todo elo efectuamos a seguinte:*

**PROPOSTA DE ACORDO**

*O Pleno da Corporación insta ao Goberno Municipal ao arranxo e adaptación á normativa dos pasos sobreelevados do camiño vello de San Roque coa sinalización correspondente para que cumpran a súa función de calzado do tráfico sen que supoñan risco ningún para as persoas conductoras ou viandantes".*

**DELIBERACIÓNS:**





O **Sr. Alcalde**: sinala que cree que se refiren aos resaltos de plástico e recorda que existe un compromiso de retiralos. Expón que houbo unha petición de facer unha rúa de un único sentido e unha petición de colocación dos redutores. Recoñece que están mal feitos e que o luns irán a adaptalos á normativa.

O **Sr. Soliño Santos**: sinala que non está en contra da colocación deses elementos xa que axudan a reducir o perigo.

O **Sr. Hermelo Álvarez**: sinala que ASPUN se vai abster dada a existencia de erros na execución.

**VOTACIÓN E ACORDO:**

**A favor:** 17 (4 concelleiros/as de ACE, 4 concelleiros/as do BNG, 7 concelleiros/as do PP, 1 concelleiro de Cangas Decide e 1 concelleiro do PSOE).

**Abstencións:** 3 (3 concelleiros/as de ASPUN).

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

**Expediente 1033/2019. Moción de diversos grupos municipais para apoio aos mariñeiros na exención da pesca accidental na modalidade de pesca artesanal**

**Favorable**

**Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento**

Dáse conta do ditame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 18.02.2019.

Así mesmo, dáse conta da moción referida xunto coa solicitude das confrarías de pescadores "San Xosé" de Cangas e "San Cipriano" de Aldán, na que se insta a que todos os grupos políticos municipais se manifesten a prol do sector da pesca artesanal, que é como segue:

*"Por unha parte D. F.J.C.G., titular do DNI N° X, en calidade de patrón maior da Confraría de Pescadores "San Xosé" de Cangas.*

*Por outra banda, D. J. M. G.V., con DNI N° X, na súa condición de patrón maior da Confraría de Pescadores "San Cipriano" de Aldán.*

**EXPOÑEN:**

*O pasado 5 de decembro de 2018 o Comité executivo da Federación galega de confrarías de pescadores decidiu apoiar o modelo de moción proposto pola Federación provincial de confrarías de pescadores de Pontevedra, a presentar polas confrarías de pescadores galegas perante os grupos políticos dos seus respectivos concellos, o cal ten como obxecto principal, requirir a exención da pesca accidental, dentro da modalidade de pesca costeira artesanal, dos sistemas de TAC's e cotas implantado pola Unión Europea.*



*En cadansúa sesión das xuntas xerais de ambas, as confrarías adoptáronse aos respectivos acordos de trasladar as ditas propostas á Corporación Municipal do Concello de Cangas, polo que,*

**SOLICITAN:**

*A todos os grupos da Corporación Municipal, que presenten na vindeira sesión do Pleno do Concello, a moción que se achega xunto con este documento, co obxecto de que se proceda ao seu debate e aprobación e se manifesten a prol do sector da pesca artesanal neste senso.*

*E para que así conste para os efectos sinalados, asinan a presente en Cangas a 01.02.2019.*

*Moción para promover unha declaración institucional do Concello de Cangas, co obxecto de demandar a exención da pesca accidental, dentro da modalidade de pesca artesanal, do sistema de TAC's e cotas implantado pola UE.*

*Os grupos municipais asinantes, presentan ao Pleno do Concello de Cangas a presente MOCIÓN para o seu debate e aprobación, se procede, de acordo coa seguinte:*

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*A presente iniciativa ten como principal obxectivo por de relevo a desigualdade de trato e a inxustiza existente no sector pesqueiro por mor do actual sistema de reparto de TACs e cotas (distribución das posibilidades de pesca) para a flota de artes menores.*

*Ata fai pouco, na Unión Europea (UE) definíase a pesca costeira artesanal como a desenvolvida por buques inferiores a 12 metros de eslora e con determinadas artes de pesca. Toda a pesca executada por buques de eslora maior ou con artes non contempladas como artesanais pola UE, entrarían dentro da denominación de industrial.*

*Iso implicaba que todas as embarcacións maiores de 12 metros, quedarían fóra da categoría de pesca costeira artesanal, supoñendo importantes prexuízos para esta frota -ex. non poder acceder ás axudas dos Grupos de Acción Local de Pesca (GALP's) con fondos FEMP.*

*A día de hoxe, a UE está a utilizar unha definición multiparamétrica da pesca costeira artesanal, sendo necesario para o recoñecemento desta flota como tal, o cumprimento de alomenos tres, dos cinco criterios seguintes: 1. Eslora das embarcacións inferior a 12 metros. 2. Distancia do caladoiro, faenar dentro de augas nacionais. 3. Duración máxima das mareas: 24 horas. 4. Utilización de artes de pesca sostibles. 5. Máximo de 4 tripulantes enrolados e a bordo.*

*Ata o ano 2013, a normativa estatal na materia (Orde ARM/271/2010, de 10 de febreiro, modificada pola Orde ARM/3315/2010, de 21 de decembro) establecía uns criterios para o reparto e xestión das cotas de diferentes especies por modalidades de pesca e dentro de cada modalidade por tripulante embarcado a bordo e día.*

*A partir da dita anualidade e a través da Orde AAA/1307/2013, de 1 de xullo, derogada pola Orde AAA/2534/2015, establecéronse plans de xestión para a distribución das posibilidades de pesca e un sistema de reparto distinto ao que historicamente se viña aplicando, vencellado directamente aos datos de consumo de capturas históricas (datos obrantes na SEGEPESCA do período 2002-2011), ás que se lle deron prioridade fronte a aspectos socio-económicos das*



*flotas afectadas nas distintas pesqueiras, ou o que é o mesmo, sen terse en conta que Galicia representa o 90% da flota de artes menores do Cantábrico-Noroeste, e a que, en aplicación do criterio por históricos, non acada máis dun 15% de cota nalgunhas especies.*

*En fin, pasouse dunha pesqueira lineal para todos os buques (cada embarcación dentro das súas capacidades de pesca e almacenamento e sen criterios de reparto por comunidade autónoma ou outras divisións territoriais) para se converter nunha fonte de desequilibrio interrexional dentro dun mesmo estado.*

*Asemade, catro anos despois da entrada en vigor da nova política pesqueira comunitaria (PPC), o sector da pesca artesanal segue sen poder cadrar esixencias, prohibicións e obxectivos. Bruxelas deixouno sen marxe de manobra, combinando cotas escasas e unha impracticable obriga de desembarco para todas as capturas. Dende o 01.01.2019 coa aplicación da política de 'descartes cero', poderá haber embarcacións que teñan que parar, despedir tripulacións ou incluso ser despegadas.*

*A PPC, non está pensada nin adaptada á realidade da pesca artesanal e na UE só se escoitan e teñen en conta as demandas dos grandes lobbies pesqueiros, sen poñerse en marcha medidas específicas para este segmento da flota. Sen dúbida haberá problemas e podería chegar un momento no que a pesca artesanal quedase desmantelada.*

*Trátase pois dunha preocupante situación, de todo dramática para as comunidades pesqueiras de Galicia, altamente dependentes dunha actividade que dá emprego directo a máis de 9.000 persoas.*

*En definitiva está dabondo demostrado que no intre de repartir as posibilidades de pesca, a flota artesanal sempre sae mal parada e discriminada, aínda tratándose da máis sostible, sustentable e respectuosa co medio mariño e a que garante menores capturas, mais de maior calidade.*

*Por todo o anteriormente exposto, os grupos municipais asinantes solicitan ao Pleno da Corporación do Concello de Cangas a adopción dos seguintes:*

#### **ACORDOS**

*O Pleno do Concello de Cangas, mediante escrito asinado por todos/todas e cada un dos membros que integran a Corporación Municipal, SOLICITA aos grupos políticos con representación no Parlamento de Galicia e no Congreso dos Deputados, que adopten e executen as seguintes decisións:*

- 1. PROMOVER E CONSENSUAR AS MEDIDAS NECESARIAS PARA MATERIALIZAR A EXCLUSIÓN DAS CAPTURAS ACCESORIAS OU ACCIDENTAIS DA FLOTA COSTEIRA ARTESANAL DO SISTEMA DE TACs E COTAS, DADA A SÚA MULTIESPECIFICIDADE E, POLO TANTO, O SEU ESCASO IMPACTO NO ESTADO DOS RECURSOS MARIÑOS**

*Dentro da pesca costeira artesanal, cómpre establecer criterios de diferenciación entre o que significa a pesca accidental e a pesca dirixida. O tratamento das dúas modalidades debería ser de todo independente: a accidental debe estar á marxe dos criterios de TACs e cotas ou de obriga de desembarco, dado que representa as capturas de especies accesorias durante a pesqueira dunha especie obxectivo. Por outra banda,*



*a dirixida oriéntase á pesqueira dunha determinada especie, debéndoselle aplicar unha xestión das posibilidades de pesca a través de criterios de reparto que garanten igualdade de condicións entre as unidades de flota participantes.*

**2. REQUIRIR UN TRATAMENTO DISTINTO E DIFERENCIADO DA XESTIÓN DAS POSIBILIDADES DE PESCA DA FLOTA ARTESANAL CON RESPECTO ÁS FROTAS INDUSTRIAL E/OU SEMIINDUSTRIAL**

*As embarcacións de pesca costeira artesanal son de pequeno porte, empregan artes e aparellos de pesca altamente selectivos, desenvolven a súa actividade pesqueira de forma tradicional, sostible, cun baixo volume de capturas de especies moi diversas e de gran calidade.*

*A pesca costeira artesanal nas súas diferentes modalidades realízase de xeito exclusivo en augas interiores e cunha importante dependencia socioeconómica, tendo en conta a gran cantidade de postos de traballo que xera, tanto directos como indirectos.*

*Xa que logo, queda suficientemente demostrado que a incidencia da pesca costeira artesanal é socialmente moito máis relevante que a industrial ou semi-industrial e, polo tanto, estímase esencial a súa protección e salvagarda, propoñendo a súa regulación a través de criterios específicos e consecuentes, e en ningún caso mesturados con outras pesqueiras de intereses moi distintos.*

**3. CONTINUAR RECLAMANDO QUE A PESCA COSTEIRA ARTESANAL QUEDE EXENTA DA OBRIGA DE DESEMBARQUE**

*É indispensable seguir insistindo perante a Unión Europea, que a normativa que regula a obriga de desembarque de capturas para a frota costeira artesanal, quede sen efecto. É indubidable que a decisión de 'política de descartes cero', tomouse de xeito precipitado no seo da UE, sen facerse os estudos correspondentes e sen ter en conta as pesqueiras multiespecíficas nas que desenvolve a súa actividade a flota costeira artesanal galega.*

*O feito de aplicar o regulamento tal e como está redactado, podería supoñer que non se poida desenvolver a actividade pesqueira, cando se poden acreditar as boas condicións dos caladoiros galegos, debido a forma de traballo sostible da pesca costeira artesanal".*

**DELIBERACIÓNS:**

**O Sr. Gestido Porto:** sinala que apoia a moción recordando que a Vila de Cangas debe dispor de recursos.

**A Sra. Giráldez Santos:** expón que están en xogo postos directos e indirectos de traballo e que a Unión Europea non pode actuar de xestor administrativo ao descoñecer as necesidades de Galicia e de Cangas.

**O Sr. Abalo Costa:** sinala que Madrid e Bruselas coñecen perfectamente a problemática e o que queren é eliminar este tipo de pesca.



Concello de Cangas

O Sr. **Sotelo Villar**: recorda que fai un ano se presentou unha moción similar apoiada polo seu partido.

VOTACIÓN E ACORDO:

O Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a moción transcrita anteriormente, a prol do sector da pesca artesanal.

**Expediente 680/2019. Moción do grupo municipal do PP para comparecencia do exconcelleiro de cultura**

**Desfavorable**

**Tipo de votación:** ordinaria

A favor: 9, En contra: 11, Abstencións: 0, Ausentes: 0

Dáse conta do ditame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 18.02.2019.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal do PP, do día 01.02.2019, relativa á comparecencia do exconcelleiro de Cultura, que é como segue:

*"José Enrique Sotelo Villar, como voceiro do grupo municipal do PP, presenta para o seu debate e aprobación se procede polo Pleno da Corporación, a seguinte*

**MOCION:**

*Exposición de motivos:*

*Asistimos estes días pola prensa a un novo episodio do que non debe ser un goberno, e mesmo no día de hoxe o ex-concelleiro de Cultura afirma que a súa dimisión "se debe a que o Alcalde actúa de forma desleal e imprudente".*

*O PP de Cangas, que xa no mes de marzo presentara unha moción na que se pedía a reprobación do concelleiro de cultura, reprobación baseada en 5 cuestións. A primeira textualmente facía referencia a que en 3 anos o Concelleiro conseguira facer desaparecer o carnaval en Cangas (ao noso entender motivado pola nula implicación da concellería).*

*Como membros da corporación, consideramos que temos dereito a coñecer a verdade do acontecido, e non só o que aparece na prensa.*

*Por todo o exposto, presentamos as seguintes:*

**PROPOSTA DE ACORDO:**

*O Pleno da Corporación insta ao ex-concelleiro de cultura, D. Heitor Mera a que compareza no Pleno de febreiro no último punto do orde do día para dar explicación dos verdadeiros motivos que ocasionaron a súa dimisión".*

**DELIBERACIÓNS:**

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

O Sr. **Mera Herbello**: explica que os motivos para dimitir como concelleiro de cultura responde a criterios unicamente persoais.

O Sr. **Iglesias Santos**: sinala que como político debería dar conta ante o Pleno.

O Sr. **Soliño Cotas**: sinala que o PP dalle a oportunidade de aclarar a situación como representante do pobo de Cangas mediante a presentación desta moción.

VOTACIÓN E ACORDO:

**A favor:** 9 (7 concelleiros/as do PP, 1 concelleiro de Cangas Decide e 1 concelleiro de PSOE).

**En contra:** 11 (4 concelleiros/as de ACE, 4 concelleiros/as do BNG e 3 concelleiros/as de ASPUN)

Polo tanto, o Pleno da Corporación, acorda por maioría dos presentes, rexeitar integramente a proposta transcrita anteriormente.

## B) ACTIVIDADE DE CONTROL

### Dación de conta de Resolucións da Alcaldía desde o 19 de xaneiro ao 15 de febreiro de 2019

O Concello Pleno queda informado do presente asunto.

### Dación de conta dos informes de reparo de intervención, segundo a base de execución nº 38 do orzamento municipal

O Concello Pleno queda informado do presente asunto.

### Dación de conta de acordos de Xunta de Goberno Local do POS- Liñas 1 e 2

a) O Concello Pleno queda informado do acordo da Xunta de Goberno Local de data 17.12.2018, referente á aprobación de proxectos de investimentos para aprobación pola Deputación Provincial con cargo á Liña 1 do Plan Concellos-2019 , que é como segue:

*“Expediente 30/2018. Proposta da concelleira de obras e servizos para solicitude á Deputación Provincial de Pontevedra de subvención para proxectos de investimentos ao abeiro do Plan Concellos 2018-2019 Liña 1-Investmentos (Urxencia).*

*Vista a proposta de data 17.12.2018 da concelleira de obras e servizos, referente a aprobación dos proxectos de investimentos para a súa aprobación na Deputación Provincial cargo á Liña 1 do Plan Concellos-2019, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar os seguintes acordos, de conformidade co exposto de seguido:*

Concello de Cangas



**“PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE OBRAS E SERVIZOS RELATIVA Á APROBACIÓN DOS PROXECTOS PARA PRESENTAR Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL CON CARGO AO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS 2019)**

1º.- Vista a comunicación con rexistro de entrada nº 13259 de 8 de novembro de 2018, remitida pola Deputación de Pontevedra respecto á apertura de prazo de presentación de solicitudes Liña 1 investimentos para o exercicio 2019, incluído no Plan de obras e servizos (Plan concellos 2018-2019), de acordo coas bases reguladoras aprobadas por acordo plenario do día 3 de xaneiro de 2018.

2º.- Vistos os proxectos elaborados pola oficina técnica municipal:

- Pavimentación enlace barrio do Forte ..... 88.612,12 €.
- Acondicionamento espazo rúas Poio – Ensinanza .... 111.118,22 €.

Elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de ACORDO:

Primeiro.- Aprobación dos proxectos a presentar no Plan de obras e servizos 2019:

- Pavimentación enlace barrio do Forte.
- Acondicionamento espazo rúas Poio – Ensinanza.

Segundo.- Trasladar estes proxectos á Deputación Provincial de Pontevedra para solicitar a súa aprobación ao abeiro da liña 1 do Plan Concellos 2019.

Terceiro.- Declarar que o Concello non solicitou nin percibiu ningunha axuda ou subvención de entidade pública ou privada para a execución dos proxectos que se van a solicitar.

Cuarto.- Declarar que o Concello non está incurso en causas de prohibición para a percepción de axudas ou subvencións públicas, que coñece e acepta as bases da convocatoria e asume o compromiso de dar cumprimento ás condicións da subvención.

Quinto.- Declarar que o concello está ao corrente coas obrigas tributarias, coa facenda estatal, autonómica e coa Seguridade Social e autoriza expresamente á Deputación de Pontevedra a obter as certificacións precisas.

Sexto.- Dar conta da solicitude que se formula no vindeiro Pleno que se realice”.

b) O Concello Pleno queda informado do acordo da Xunta de Goberno Local de data 14.01.2019, referente ao Plan concellos 2019 - Liña 2, que é como segue:

**“Expediente 186/2019. Proposta de solicitude de axuda á Deputación Provincial con cargo ao Plan de obras e servizos (Plan concellos 2019) Liña 2-Amortización, pagamento de débedas e gastos correntes (tratamento de residuos sólidos urbanos).**

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía de data 11.01.2019, referente a solicitude de axuda á Deputación Provincial de Pontevedra, con cargo ao Plan de obras e servizos (Plan concellos 2019) Liña 2-amortización, pagamento de débedas e gastos correntes, que é como segue:

**"PROPOSTA**



Concello de Cangas

*SOLICITUDE DE AXUDA Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA CON CARGO AO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS 2019) LIÑA 2- AMORTIZACIÓN, PAGAMENTO DE DÉBEDAS E GASTOS CORRENTES*

*Publicadas no BOP nº 242 de data do 18.12.2018 as bases reguladoras e convocatoria do Plan de obras e servizos (Plan concellos 2019) da Deputación Provincial de Pontevedra.*

*Recibido escrito da Deputación comunicando que a contía correspondente a este Concello á Liña-2 é de cento catro mil cento setenta e un euros con corenta e sete céntimos (104.171,47 €).*

*Vista a memoria redactada para TRATAMENTO DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS, cun importe total de cento catro mil cento setenta e un euros con corenta e sete céntimos (104.171,47 €).*

*Polo que propoño á Xunta de Goberno Local:*

*Primeiro.- Aprobar a memoria descritiva para TRATAMENTO DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS, polo importe total de cento catro mil cento setenta e un euros con corenta e sete céntimos (104.171,47 €).*

*Segundo.- Solicitar axuda para a LIÑA 2- Amortización, pagamento de débedas e gastos correntes (Tratamento de residuos sólidos urbanos), polo importe de cento catro mil cento setenta e un euros con corenta e sete céntimos (104.171,47 €).*

*Terceiro.- Declarar que o Concello de Cangas, para esta actuación que se inclúe na Liña-2, non solicitou ningunha outra axuda ou subvención de entidade pública ou privada".*

**Dación de conta de decretos de delegacións**

O Concello Pleno queda informado do presente asunto.

**Dación de conta de información económico-financeira**

O Concello Pleno queda informado do presente asunto.

**C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES**

1- O **Sr. Soliño Costas**: pregunta que para cando rematan as obras da Avenida Méndez Núñez.

2- O **Sr. Millán Blanco**: pregunta porque non se lle deu traslado da dimisión do Sr. Mera Herbelo.

O **Alcalde**: sinala que se o solicitan por escrito como información do concelleiro.

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850





**Concello de Cangas**

3- O **Sr. Sotelo Villar:** solicita que se deixe ver o expediente completo do paso de peóns incluíndo as facturas.

O **Alcalde:** sinala que poden acudir a intervención a solicitar as facturas.

4- O **Sr. Soliño Costas:** roga que se retiren os recolectores entre o Concello e o paso de Peóns por motivos de seguridade.

5- O **Sr. Iglesias Santos:** pregunta para contestar por escrito que cando se vai finalizar a RPT.

6- O **Sr. Iglesias Santos:** pregunta se hai traballadores que teñen cumprida a idade de xubilación, custe económico das mesmas e se contan cos informes favorables de intervención e secretaría e que fai no gabinete.

O **Alcalde:** expón que dúas persoas e que o señor que vostede di substitúe a funcionaria que está no gabinete.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

---

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850